



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA VINTE E SETE DE FEBREIRO DE 2013, CON CARÁCTER
ORDINARIO.**

SRES/AS. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente acctal	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
Tenentes de Alcalde:	Dª. MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
Escusa asistencia	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día vinte e sete de febreiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente accidental don Manuel Costa Carneiro, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201300000000052 de don Juan García Trigo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación de cubertas e fachadas de edificación dedicada a alpendre, situada en Tomonde , en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N1), catalogado co número A-22 contando cunha protección de tipo ambiental, de acordo co proxecto básico presentado redactado polo arquitecto don Jesús Estévez Loureiro.

A Xunta de Goberno, á vista do informe técnico , acorda denegar a licenza solicitada, posto que a edificación que se pretende rehabilitar está formada por un grupo de vivendas antigas en estado de abandono total, e sobre da mesma construíuse unha estrutura de formigón que non se axusta ás condicións do artigo 104 de adaptación ao ambiente da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e ademais a aliñación establecida no PXOM esixiría a demolición parcial da edificación, e a obra solicitada non só non prevé a demolición da parte que non se axusta ao PXOM, senón que consolida a parte que desvirtúa totalmente as edificacións tradicionais existentes.

2.2.- Instancia núm. 201300000000200 de Mª Del Carmen Mougán Castelao.



Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación dun alboio, de aproximadamente 72 m² en planta, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, situado en Agrelo, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais, en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construcción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e catro euros con oitenta céntimos (#74,80#).

2.3.- Instancia núm. 201300000000216 de C.D SAN MAMEDE.

Dáse conta da citada instancia na que don José Ramón Chas Bao, en representación do C.D. San Mamede, solicita licenza para a colocación de falso teito de pranchas de vinilo e pintado interior dos vestuarios do campo de fútbol, así como a exención das taxas e impostos municipais correspondentes.

A Xunta de Goberno acorda concederlle a licenza solicitada e a exención das taxas e impostos municipais correspondentes ao tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

2.4.- Instancia núm. 201200000001614 de don Tomás García Antelo.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ames, solicita licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Cornado – San Fins de Sales, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Baltasar Otero Gómez cun orzamento de 113.256,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construirase de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona; de acordo co artigo 29 da citada lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Ademais a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 m debendo gardar a distancia das alíñacionés respecto dos viais.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (92,26 m²).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil douscentos sesenta e cinco euros con doce céntimos (#2.265,12#).

3º.- Acordo, se procede, sobre declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación.

3.1.- Instancia núm. 1129/12 de don Arturo Penide Gálvez.

Dáse conta da citada instancia na que se solicita a declaración de incursión en situación legal de fóra de ordenación total para unha edificación dedicada a nave para depósito de fogos de artificio, nos termos da documentación que se achega asinada por don Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, e que se achega polo solicitante.

A Xunta de Goberno á vista do disposto na Disposición transitoria terceira Edificacións sen licenza, da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e á vista do informe emitido para os efectos polos Servizos Técnicos Municipais acorda:

Declarar a incursión en situación legal de fóra de ordenación total da edificación obxecto do expediente, sita no lugar de Santardao (Ponte Ulla) nos termos da documentación presentada para os efectos e cuxo réxime xurídico é o establecido no artigo 103 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e na Disposición transitoria mencionada no parágrafo anterior.

Esta declaración non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo a liquidación provisional, á cantidade de catrocentos sesenta e cinco euros con dezanove céntimos (#465,19#).

4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas e gastos:

Núm. Factura	Provedor/Acreedor	Importe	Descripción
A13 / 40	Rótulos Compostela, SL	24,20 €	Pegatina de vinilo con horario para o punto limpo
12PA/00269	Toldos Gómez, S.L.	213,50 €	Bandeiras para Alcaldía e casa do Concello
86/13	Gráfica de Asturias S.L.	167,69 €	Material de oficina subministrado en xaneiro
CSN1301002	Cide Hcnergia, S.A.	499,03 €	Subministro iluminación pública



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



87568			de Caldelas meses nov-dec/2012
11	Grupo Acofide, S.C.	5.974,38 €	Xestión do polideportivo municipal mes xaneiro
13/1	Freiría Suárez José María	3.905,19 €	Servizos de limpeza mes xaneiro
6.610	Acredores diversos	19,39 €	Tícket de E/City por produtos para o servizo de madrugadores
D70957	Diario Oficial Galicia	81,30 €	Taxa publicación anuncio praza auxiliar administrativo (funcionarización)
13-52	Puente Ulla S.L.	60,37 €	Gasolina para maquinaria da brigada verde en xaneiro
13-53	Puente Ulla S.L.	1.801,72 €	Gasóleo para camión recollida lixo mes xaneiro
7/13	Montajes Electricos Vizcaíno, S.L.	2.358,47 €	Mantenemento iluminación pública mes dec./2012
8/13	Montajes Electricos Vizcaíno, S.L.	2.358,47 €	Mantenemento iluminación pública mes xaneiro
100.407	Hierros Diego, S.L.	458,37 €	Materiais para varias obras servidos en xaneiro
33 295	Ulla-Oil S. L.	751,68 €	Gasóleo C para a gardería subministrado en xaneiro
33 452	Ulla-Oil S. L.	960,00 €	Gasóleo C para centro saúde subministrado en xaneiro
277-1/13 F	Aquagest, Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA	10.016,50 €	Subvención 4T/2012 por prórroga do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento
213/11	Alquimao S.L.	1.700,66 €	Servizo de canóns de calor para polideportivo
058/E13	Talleres San Fins S.L.	698,40 €	Revisión e ITV da desmalezadora avanzada en xaneiro
057/E13	Talleres San Fins S.L.	351,50 €	Reparación maquinaria brigada verde en xaneiro
056/E13	Talleres San Fins S.L.	641,14 €	Revisión e ITV vehículo Protección Civil 2445BLH
055/E13	Talleres San Fins S.L.	247,66 €	Revisión e ITV retroexcavadora en xaneiro
054/E13	Talleres San Fins S.L.	411,36 €	Revisión e ITV vehículo C15 matrícula C4407BM en xaneiro
4.001.058.455	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	384,44 €	Servizo de franqueo pagado mes xaneiro
120.543	Grafinova Artes Graficas	399,57 €	Impresión boletín municipal mes decembro 2012
120.544	Grafinova Artes Graficas	466,75 €	Impresión boletín municipal mes xaneiro
130.000.023	Droguería-Ferretería El	85,75 €	Materiais para a sede de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	Sol, SL		Protección Civil e outros en Picón-Vilanova
130.000.022	Droguería-Ferretería El Sol, SL	10,50 €	Copias de chaves para a nave e punto limpo
52	Restaurante Hostal Ateneo, S.L.	444,00 €	Comidas excursión 3ª Idade a Termas de Outariz en febreiro sufragadas coas achegas dos participantes
2013-13	Ibernishia, S.L.	165,60 €	Entradas excursión 3ª Idade a Termas Outariz en febreiro sufragadas coas achegas dos participantes
2013/98	Pérez Fernández Manuel - Registro Propiedad 1 Santiago	10,91 €	Notas simples para urbanismo expedidas en xaneiro
3312466/01	Editorial Compostela, SA	41,00 €	Subscrição a <i>El Correo Gallego</i> mes febreiro
S13/009019	La Voz de Galicia, S.A.	32,00 €	Subscrição a <i>La Voz de Galicia</i> mes xaneiro
89.461.030.00 2	DTS, SA (Digital +)	26,56 €	Servizo TDT y Canal + en casa 3ª Idade mes febreiro
Tícket núm. 1	Carrillo Domínguez Severo	47,00 €	Caramelos para a actividade Entroido Municipal 2013
120.545	Grafinova Artes Graficas	2.059,20 €	Axendas e calendarios municipais ano 2013
290.113	Club Bushi - Kai Santiago	471,90 €	Clases de karate mes decembro 2012
36	Sociser Galicia, S.L.	5.444,11 €	Servizo asistencial a domicilio mes xaneiro
37	Sociser Galicia, S.L.	12.020,58 €	Horas SAF dependencia mes xaneiro
013 00022	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	536,56 €	Servizo colectores en punto limpo mes xaneiro
0	Asociación Ruta do Viño Rías Baixas	600,00 €	Cota de participación na Asociación ano 2013
02/c-03/2013	Sanchez Lojo Delio	302,50 €	Clases de debuxo e pintura mes febreiro
3	Camino Bouzon Miguel Angel	130,68 €	Traballos na casa consistorial e outros mes xaneiro
6	Camino Bouzon Miguel Angel	250,47 €	Traballos nas casas culturais de S. Miguel e Illobre en xaneiro
5	Camino Bouzon Miguel Angel	21,78 €	Traballos no centro de saúde en xaneiro
4	Camino Bouzon Miguel Angel	121,00 €	Traballos no CPI Vedra e CEIP Santa Cruz en xaneiro
2013/0243	Sogama S. A.	8.322,31 €	Tratamento de residuos mes xaneiro
015-13	Construcciones	3.871,00	Ampliación da rede de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	Boqueixón, S.L.	€	abastecemento de auga en Gándara
A/49/13	A.N. de Agrupaciones de Voluntarios de Protección Civil	320,00 €	Seguro 2013/2014 da Agrupación de Voluntarios de P.Civil de Vedra
3	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	171,00 €	Produtos para o Entroido Municipal 2013
50.000.319	Ricoh España, SLU	310,00 €	Cargo mínimo fotocopiadoras oficina xeral mes xaneiro
1.301.010.843	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	216,83 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes febreiro
1.301.006.319	ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	216,83 €	Aluguer locais estación Santa Cruz mes xaneiro
3.130.110.008 .504	Unión Fenosa Comercial, S.L.	970,87 €	Subministro ao CPI de Vedra mes dec/2012
3.130.110.099 .037	Unión Fenosa Comercial, S.L.	185,20 €	Subministro ao CEIP Santa Cruz meses nov-dec/2012
3.130.110.035 .363	Unión Fenosa Comercial, S.L.	35,13 €	Subministro a estación bombeo Paradela mes dec/2012
01/2013	Unión Fenosa Comercial, S.L.	1.358,78 €	5 fras. subministro a iluminación pública mes dec/2012
3.130.110.202 .043	Unión Fenosa Comercial, S.L.	654,01 €	Subministro a depuradora de Calzande mes dec/2012
3.130.110.111 .226	Unión Fenosa Comercial, S.L.	193,01 €	Subministro a gardería mes decembro/2012
3.130.110.004 .405	Unión Fenosa Comercial, S.L.	345,65 €	Subministro a casa Concello mes dec/2012
01/2013	Gas Natural, SA	254,11 €	3 fras. subministro a centros saúde mes dec./2012
1.130.110.172 .299	Gas Natural, SA	23,96 €	Subministro oficina turismo dec./2012 (regularizado)
1.130.110.978 .701	Gas Natural, SA	28,47 €	Subministro a Reitoral de Ponte Ulla mes dec./2012
1.130.110.028 .528	Gas Natural, SA	121,70 €	Subministro a ludoteca mes dec./2012
1.130.110.556 .513	Gas Natural, SA	57,65 €	Subministro a nave de Trobe mes dec./2012
1.130.110.158 .741	Gas Natural, SA	140,05 €	Subministro a punto limpo mes decembro/2012
1.130.110.044 .553	Gas Natural, SA	10,88 €	Subministro a estación bombeo Socastro mes dec/2012
01/2013	Gas Natural, SA	812,58 €	9 fras. subministro edificios cultura mes dec/2012
01/2013	Gas Natural, SA	702,83 €	12 fras. subministro a escolas mes dec/2012



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



9192/0930	Acredores diversos	20,89 €	Tíckets de Eroski por produtos para o servizo de madrugadores
85	Sánchez Rodriguez M ^a Isabel-Rodaxe Xestion Audiovisual	605,00 €	Traballo para a Festa da Camelia 2013 e turismo de Vedra (V Televisión)
200.182	Hierros Diego, S.L.	11,37 €	Materiais para a vía pública servidos en febreiro
HT0201	Tallunion, S.L.	470,92 €	Revisión vehículo contra incendios Bul 1106FZZ
23 378	Ulla-Oil S. L.	1.313,00 €	Gasóleo A para os vehículos municipais servido en febreiro
33 1197	Ulla-Oil S. L.	822,22 €	Gasóleo C para a gardería servido en febreiro
33 1200	Ulla-Oil S. L.	1.457,00 €	Gasóleo B para os tractores servido en febreiro
33 1373	Ulla-Oil S. L.	496,00 €	Gasóleo C para a biblioteca servido en febreiro
767	Auloce, S.A.U. (Espublico)	2.307,97 €	Renovación 2013-2014 da plataforma Espublico para a Secretaría-Intervención
02/2013	Telefónica de España, SAU-Movistar	869,76 €	12 fras.de febreiro por servizos de telefonía fixa
8-20.497.754-H	Seguros Catalana de Occidente, SA	1.400,00 €	Póliza seguro anual vehículo Bul 1106FZZ
8-20.496.955-E	Seguros Catalana de Occidente, SA	380,00 €	Póliza seguro anual vehículo Citroen C15 C4407BM
8-20.496.377-T	Seguros Catalana de Occidente, SA	909,28 €	Póliza seguro anual camión recollida lixo
8-04993590-J	Seguros Catalana de Occidente, SA	869,76 €	Recibo seguro anual casa consistorial
36.014.815-Q	Seguros Catalana de Occidente, SA	250,00 €	Recibo seguro anual retroexcavadora Fiat E6073BBD
8-04771508-F	Seguros Catalana de Occidente, SA	1.182,65 €	Seguro anual polideportivo, antigo xulgado e centro saúde Santa Cruz
5	Libreria Avenida-Rosa M ^a Perez Sande	400,00 €	Corenta libros de promoción turística de Vedra
TA49I004258 6	Telefónica de España, SAU-Movistar	22,16 €	Servizo de telefonía fixa na sede de Protección Civil (fra. febreiro)
CR 05/13	Galitran-96, S.L.	254,10 €	Transporte de alimentos da Cruz Vermella para S. Sociais dende a Coruña o 22/02/13
RC/13-4583	Femp	283,92 €	Cota ordinaria Concello de Vedra ano 2013
4.320.120.401 .365	Espina & Delfin, SL	918,36 €	Abastecemento de auga a Vedra durante o 4T/2012
A/1	Labralia - Comercial Agricola Vedra S.L.	333,00 €	Produtos para os cabalos do Entroido Municipal 2013



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	Acredores diversos	100,00 €	Indemnización de Raul Varela Munín por participación no Entroido Municipal 2013 coa "carroza rei e reina do entroido"
	Acredores diversos	920,00 €	Gastos do Entroido Municipal 2013 (premios concurso disfraces e actuación musical)
	Federación Galega de Ciclismo	88,00 €	Taxa para a realización da proba <i>Ruta Cicloturística en BTT da Camelia polo Val do Ulla</i>
	Carlos Martínez Carrillo	348,80 €	Quilometraxe e gastos de aparcamento da Alcaldía meses xaneiro e febreiro
	José I. Munín Castelao	332,00 €	Quilometraxe meses setembro a decembro 2012 e xaneiro 2013
	Vanessa Crespo Souto	21,65 €	Quilometraxe e aparcamento mes febreiro
	Carmen A. Sabio Sanz	62,45 €	Quilometraxe programa Educación Familiar mes xaneiro
	Lucía Sebio Barrio	120,00 €	Quilometraxe meses decembro/2012 e xaneiro/2013
	Iván García García	65,15 €	Quilometraxe, peaxes e aparcamento mes xaneiro
	María Canedo de la Torre	24,75 €	Quilometraxe meses decembro/2012 e febreiro/2013
	Acredores diversos	122,03 €	Indemnización dos componentes da mesa de contratación do servizo <i>Asistencia urbanística Parque Empresarial e outros</i> constituída o día 31/01/13
	Juan Duarte Porto	370,59 €	Horas extraordinarias mes decembro/2012
	Jesús Fernández Pereira	272,10 €	Horas extraordinarias mes decembro/2012
	María Montserrat de la Fuente Fernández	90,50 €	Quilometraxe mes febreiro
	Silvia Couto Rendo	29,50 €	Quilometraxe meses novembro/2012 e febreiro/2013

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas e gastos.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de asistencia urbanística no desenvolvemento do Parque Empresarial de Vedra e outros.

Por Resolución da Alcaldía de data 02/01/2013 aprobouse o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, do contrato de servizos consistente na *Asistencia urbanística no desenvolvemento do Parque Empresarial de Vedra e outros*.



A Xunta de Goberno, á vista das valoracións obtidas polos licitadores e en función da proposta da Mesa de Contratación, de acordo co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, acordou requirir a Fermín González Blanco, S.L.U como candidato que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presentase a documentación preceptiva.

Dado que o citado candidato presentou en prazo a documentación requerida, de conformidade co establecido no artigo 151.3 e na Disposición Adicional Segunda do citado Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público , a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Adxudicarlle á FERMÍN GONZÁLEZ BLANCO, S.L.U con NIF númer. B-70213806 e domicilio social en R/Santiago , 4- 1º dta (15001- A Coruña) o contrato de servizos consistente na *Asistencia urbanística no desenvolvemento do Parque Empresarial de Vedra e outros*, mediante procedemento negociado sen publicidade, no prezo de vinte e cinco mil cento oitenta e seis euros con oito céntimos (#25.186,08#) más IVE (#5.289,08#), que supón unha baixa de vinte e catro euros con oitenta e catro céntimos (#24,84#) sobre do tipo.

Segundo- Dispoñer o gasto con cargo á partida 151-227 do orzamento de gastos do orzamento municipal vixente.

Terceiro- Notificarlle a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

Cuarto- Notificarlle a Fermín González Blanco, S.L.U, adxudicataria do contrato, o presente acordo e citala para a formalización do mesmo.

Quinto.- Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante (www.concellovedra.com)

Sexto- Comunicarlle os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

6º.- Dar conta de Resolucíons da Alcaldía.

6.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de febreiro do ano que andamos, pola que se aproba a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, e se designan os membros do tribunal cualificador do proceso de funcionarización dunha praza de traballadora social, incluída na oferta de emprego público do ano 2012.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data sete de febreiro do ano que andamos, pola que se ordena o arquivo das actuacións practicadas por mor de edificacións existentes en Sobredo (ref. Catastral 001601700nh43h0001IE), dado que as mesmas son anteriores ao 2006 e polo tanto están prescritas.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data dezaoito de febreiro do ano que andamos, pola que en relación coa licitación do contrato de servizos consistente na asistencia urbanística no desenvolvemento do parque empresarial de Vedra e outros, clasifícanse as ofertas e acórdase requirir a Fermín González Blanco, S.L.U, mellor



clasificado, para que presente en prazo a documentación preceptiva para a adxudicación do mesmo.

7º.- Outros asuntos.

7.1.- Solicitudes de atención domiciliaria.

7.1.1.- Solicitud de dona Emilia Alejo Vega.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Fins de Sales, solicita atención domiciliaria para a realización das tarefas domésticas.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda concederelle a concesión do servizo, modalidade de libre concorrencia, cunha intensidade de 30 horas mensuais de luns a venres, e aprobarlle unha achega da usuaria do 15% do prezo da hora, é dicir, 2,14 euros/hora, de acordo coa ordenanza fiscal reguladora do servizo.

7.1.2.- Solicitud de dona Rita Caldelas Pereiras.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita atención domiciliaria para a atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acuerdo co informe da traballadora social, acorda concederelle a concesión do servizo, modalidade de libre concorrencia, cunha intensidade de 30 horas mensuais de luns a venres, e aprobarlle unha achega da usuaria do 40% do prezo da hora, é dicir, 5,71 euros/hora, de acordo coa ordenanza fiscal reguladora do servizo.

7.2 .- Solicitud de subvencións.

7.2.1.- Programa de socorrismo dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013.

Dáse conta da convocatoria do programa de socorrismo da Deputación Provincial dirixido aos concellos da provincia, anualidade 2013 (BOP núm. 31/13, do 14 de febreiro).

Ao abeiro da mesma a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para o sostento dos gastos de socorrismo da piscina municipal.

7.2.2.-Promoción do uso da lingua galega.

Dáse conta da Orde do 5 de febreiro do 2013, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, e se procede á súa convocatoria (ED115 A).

Ao abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para a dinamización lingüística e aceptar as condicións de financiamento e demás requisitos establecidos nesta convocatoria.

7.3.- Contrato con Foga para o mantemento de fotocopiadora.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Rematado o contrato asinado con Fornecementos Galegos, S.L (FOGA) para o mantemento da fotocopiadora da planta baixa da Casa do Concello, a Xunta de Goberno, á vista da proposta presentada pola citada empresa, acorda adxudicarlle á mesma o contrato de servizos, mediante a modalidade de contrato menor, consistente no mantemento dunha fotocopiadora Konica Minolta Bizhub C-652 equipo dixital cor, no prezo de trescentos setenta e catro euros con oitenta céntimos (#374,80#) máis IVE, durante catro anos, que inclúe unha tarifa plana de 7825 copias/mes.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte e cinco minutos.